


Logo do parón de verán, as nosas sabias e sabios volveron xuntarse no novo curso literario. E do mesmo xeito que os nenos no primeiro día de escola se pasan as horas contándose todo o que fixeron nas vacacións, o noso grupo dedicou a súa primeira xornada a comentar todo o lido este verán. O resultado foi moi longo, pois as nosas sabias e sabios son grandes lectores, mais amigos na praia do papel ou da tinta electrónica que da caña no chiringuito. Así que a lista de obras e autores da que se falou foi extensa. Todo un catálogo de obras de varios xéneros, que vos resumimos aquí.



Discurso sobre el Hijo-de-puta, de Alberto Pimenta.

O portugués Alberto Pimenta aborda directamente unha clase de persoa das moitas que poboan a nosa sociedade, e faino sen medias tintas. O título dio todo.



El curioso mundo de las personas normales, de Xosé Monteagudo.

Baseado na historia real dun home que debido a ter espiña bífida e a un leve retraso mental pasou mais de 70 anos, toda a súa vida, vivindo na habitación dun hospital. O morañés Xosé Monteagudo enfróntanos a un xeito distinto de ver o mundo, o dunha persoa que vive confinada entre catro paredes, como se fora un dos homes da cova de Platón, aqueles que solo vían sombras, e que percibe o mundo a través dos outros enfermos, das persoas que os acompañan e do persoal do hospital.




Los años de peregrinación del chico sin color, de Haruki Murakami.

Nunha das obras menos surrealistas do autor, que para moitos críticos é na actualidade un dos mellores escritores do mundo, ofrécenos aquí unha historia entrañable, que sen deixar de ser unha historia de amor ten un eixe central xirando arredor do tormento que poden supoñer algunhas pantasma do pasado nas persoas cando maduran, e da necesidade de enfrontarse a esas pantasma para poder avanzar ou sucumbir.




El café de Crossroads, de Deborah Smith.

Un relato tráxico e optimista a vez, que xira o redor do pequeno café dun pobo perdido entre montañas, e da súa propietaria, que como se se tratara dunha enfermeira de almas, trata de curar a base de biscoitos, guisos e un xeito de ser moi particular as feridas das persoas que pasan polo seu local, que representa o centro de todo un microcosmos, con varias historias que van confluíndo pouco a pouco, co ritmo pausado pero imparabile da vida.




El misterio de Cain Manor, de Valeria Sabater.

Unha historia de terror e misterio ambientada na guerra civil americana, cun rexemento de confederados entre os que se encontra o protagonista, que posúe un estraño poder, que chegan ó devastado pobo de Cain Manor, onde somentes sobreviven unha estraña muller e a súa escrava, e onde polas noites acontecen cousas aterradoras.




La fórmula preferida del profesor, de Yoko Ogawa.

Un home maior que por mor dun accidente, so conserva os recordos durante 80 minutos, polo que colga pequenas notas con imperdíbeis na chaqueta para poder recordar as cousas. E a través da asistenta, narradora da historia, e das matemáticas, autentico motor que une á protagonista, o seu fillo e o ancián, asistimos a toda unha historia onde as relacións persoais, enmarcadas polas costumes sociais xaponesas, alcanzan unha importancia capital.




El cuaderno rojo, de Paul Auster.

Unha pequena obra composta por varios relatos breves, onde o destino, e os cambios que unha nimia casualidade pode obrar na vida das persoas, son o denominador común.



Tombuctú, de Paul Auster.

A historia dun curioso vagabundo, poeta excéntrico e supervivente das revolucións dos sesenta, e da súa última busca, vista e contada a través do seu inseparable can, un animal dunha intelixencia moi precisa que non fala inglés so porque a forma da boca non llo permite, pero que o entende perfectamente.



La sonrisa etrusca, de José Luis Sampedro.

Unha emotiva historia, cun home que no ocaso da súa vida, lonxe do seu fogar e vivindo ao cargo do seu fillo e da súa nora por mor dunha enfermidade, ten como obxectivos fundamentais vivir mais tempo que outro ancián do que leva sendo inimigo toda a súa vida, vida intensa que vai recordando ao longo da obra, e tratar de que o seu neto, un neno que inda non aprendeu a falar, reciba a que el pensa que é a mellor educación posible, pasándose polo forro todas as ríxidas normas da súa nora.




La senda del drago, de José Luis Sampedro.

O xa case centenario autor, reflexiona sobre a decadencia de occidente nunha obra dividida en dúas partes, a primeira coa metafórica e imaxinaria viaxe do protagonista no barco chamado "Occidente", e outra máis real, cando o protagonista recala polo seu traballo en Tenerife, e consegue, grazas a propia illa e o amor dunha muller, coller un posicionamento cara a vida.




Orgullo y prejuicio, de Jane Austen.

A Inglaterra georgiana e rural, coas súas contradicións, vista a través das aventuras e desventuras dunhas personaxes inesquecibles. As obras de Jane Austen resultan sempre unha interesante lectura, pois a realidade humana do seu tempo queda plasmada a través dunha ironía moi fina, que aportan moita lixeireza os seus relatos, lixeireza que disimula a dura e anquilosada sociedade na que a autora viviu, pero que non por iso queda menos patente nas súas obras, se non máis ben o contrario.



Suite francesa, de Irène Némirovsky.


Unha obra inacabada unida irremediabilmente ao destino da súa creadora, que morreu en Auschwitz logo de ser deportada dende Francia, e as súas fillas, que durante a ocupación francesa, logo da detención de seus pais, viviron ocultas, gardando con elas o legado da escritora de orixe xudea. A historia, que inclúe os dous volumes rematados dun total de cinco que Irène tiña previstos, relata a ocupación nazi de Francia, e a situación que se produce, co goberno pronazi de Vichy e a sociedade francesa dividida pola metade, nun momento de cambio que xa non tivo marcha atrás.



Marianela, de Benito Pérez Galdós.


A historia de Marianela, filla pobre e terriblemente fea dunha suicida na España rural de finais do século XIX, que garda dentro de si unha bondade e honradez que son o contrario do seu aspecto e que se namora dun home que lle promete o seu amor por riba dos clichés físicos xusto ata o día que recupera a vista, recolle moitos dos intereses literarios de Pérez Galdós, plantexando temas universais como a idea da loita do ben contra o mal, ou a falsidade da sociedade, que vende uns valores cando logo os que aplica son os contrarios. Unha historia sen dúbida moi triste, que non por levar

tantos anos escrita perde actualidade.



Un paso al frente, Luis Gonzalo Segura de Oro-Pulido.

A novela-denuncia dun militar español, que por querer mostrarnos ó resto de cidadáns a corrupción que impera no exército español, e os abusos que acontecen amparados polos mandos militares e unhas normas ríxidas que solo protexen a unha parte, arruinou a súa carreira militar.



Pobres Peregrinos, de Lars Karlsson.

Unha novela que conxuga rigorosos datos históricos, con todo un mundo de suposicións, plantexando unha curiosa e orixinal teoría arredor da figura de Prisciliano, de quen se di que está enterrado no sepulcro do Apostol Santiago en Compostela. E todo plantexado case como un xogo de preguntas e respostas e aderezado cunha moi inocente e empalagosa historia de amor.